



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2021

1. CONVENIO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio de colaboración social entre o Concello de Santiago de Compostela e o Colexio de Avogados para a xestión tributaria en nome de terceiros.

Esta mañá asinouse o convenio de colaboración entre o Concello e o Colexio que permitirá aos nosos colexiados e colexiadas a presentación telemática ante a tesouraría do Concello de Santiago de autoliquidacións, declaracións e calquera outro documento con transcendencia tributaria en nome propio ou de terceiros (coa autorización previa do obrigado tributario).

Adhesión ao convenio

Os colexiados/as interesados/as deberán solicitar por escrito ante a secretaría do colexio a súa adhesión ao convenio (anexo I “documento de adhesión”). Unha vez que dende a secretaría se comproben os datos de colexiación e se validen as solicitudes, estas serán remitidas á tesouraría do concello para que tramiten as altas no seu sistema.

Achegamos o anexo I “[documento de adhesión](#)”, que deberá cubriarse e asinarse dixitalmente e enviarse ao seguinte enderezo electrónico: registro@icasantiago.org

Ao tratarse dun convenio de vixencia plurianual, que se renovará automaticamente salvo denuncia dunha das partes, as solicitudes de adhesión poderán presentarse en calquera momento (non hai prazo límite).

O texto completo do convenio e o anexo I poden consultarse na páxina web do colexio, accedendo ao apartado “Convenios” > “Covenios con entidades públicas”.

<https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/convenios/>

Aproveitamos para lembrar que este colexio tamén ten subscritos outros convenios similares coa Axencia Tributaria estatal e coa Axencia Tributaria autonómica (Atriga) co fin de poder presentar telematicamente todo tipo de liquidacións en nome de terceiros.

Para resolver calquera dúbida, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza).

2. PLUSVALÍA: PUBLICADO NO BOE O REAL DECRETO LEI 26/2021, DO 8 DE NOVIEMBRE

No BOE de hoxe publicouse o Real decreto lei 26/2021, do 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Achégase o RDL 26/2021 (PDF)



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2021

3. RECORDATORIO: XORNADAS SOBRE AS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLAS LEIS 8/2021 (17 e 23 de novembro, ás 18.00 h)

Días: 17 e 23 de novembro

Hora: 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de actos da facultade de Ciencias Políticas (avda. do Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Vida —en fronte da facultade de Dereito)

Modalidade: presencial

Prazas: 200 (por orde de inscrición)

Matrícula: gratuíta para colexiados/as do ICA Santiago e alumando do MUA; 150 € para as demais persoas interesadas

Inscrición: por medio de solicitude escrita, que se remitirá ao correo icajuzgado@icasantiago.org

Prazo: ata o venres 12 ás 14.00 h ou ata completar as prazas dispoñibles (avisarase cunha nota cando se cubran as prazas)

Programa:

1ª sesión. Mércores 17 de novembro, 18.00 a 20.30 h

— “Aspectos substantivos da Lei 8/2021”

Relatora: D^a **María Paz García Rubio**, catedrática de Dereito Civil da USC

— “Lei 8/2021, do 2 de xuño. Observacións sobre a súa práctica”

Relatora: D^a **María Inmaculada Espiñeira Soto**, notaria de Santiago de Compostela

2ª sesión. Martes 23 de novembro, 18.00 a 20.30 h

— “Medidas de apoio no exercicio da capacidade: garda de feito, curatela e defensor xudicial”

Relatora: D^a **Fuencisla Ladrón de Cegama Escudero**, fiscal da Área de Santiago de Compostela

— “Cuestións prácticas nos novos procesos da Lei 8/2021”

Relator: D. **Roberto Soto Sola**, maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 6 de Santiago de Compostela.